

Boletín CAIA 10

Setembro 2024



Os retos da infancia para este novo curso escolar

Dende o grupo Asesor de UNICEF están reivindicando dende hai tempo que coidar a saúde mental constitúe un novo reto para o traballo nas aulas




¿Como afecta a contaminación atmosférica á infancia?

A contaminación imponse como un dos temas que máis preocupación xeran para a infancia e adolescencia. Pois ben, a polución non só afecta os nenos e nenas no día a día, se non que condiciona o seu desenvolvemento cognitivo, memoria, e un longo etc.



O CAIA organiza un encontro de fin de semana

A primeira fin de semana de outubro terá lugar na Residencia de Tempo Libre de Panxón un encontro con todos e todas os/as vogais do Consello Autonómico da Infancia e Adolescencia.



Contámosvos que é a plataforma #EUChildParticipation

A plataforma #EUChildParticipation pretende contar ca participación da infancia e adolescencia europea para abordar todos aqueles temas que teñan de interese. Quere constituírse coma un espazo seguro, onde poder participar sen medo.



So un 11 % do alumnado de educación obrigatoria recibe becas para costear o comedor

Coa suba dos prezos dos produtos de primeira necesidade, fano tamén os servizos como o comedor escolar. Isto é un problema para as familias cando as becas non se adaptan a realidade das mesmas, que o empregan non só como ferramenta de conciliación, se non tamén coma ferramenta para garantir unha comida saudable aos fillos/as.



9 de cada 10 anuncios de alimentos dirixidos a nenas e nenos son de produtos pouco saudables

Cada vez somos máis conscientes da necesidade de xerar unha relación saudable ca comida dende a infancia. Por iso, é importante que os produtos que se dirixan a nenos e nenas sexan saudables.



A Plataforma de Infancia pide garantías para as nenas e nenos non acompañados na Reforma da lei de Estranxeiría

Entendendo a situación da infancia e adolescencia de Canarias coma excepcional, debemos saber que o noso sistema de protección de menores fraquea. Nese sentido a Reforma da Lei de Estranxeiría debe ser quen de dotar a este sistema de eficacia e axilidade para traballar con estas situacións



O «Sharenting» e os Perigos da Exposición Dixital Infantil: Unha Reflexión Necesaria

O “Sharenting” é a práctica de compartir por redes sociais a paternidade e maternidade. Cada día é máis común e podemos ver a gran facturación que supón para os creadores de contido. Pero, teñense en conta os riscos a longo prazo?



Experiencias noutros territorios



Que é o grupo asesor de UNICEF España e por que queremos que siga crescendo

Espazo de participación creado por UNICEF para que a rapazada sexa a encargada de diseñar tanto contidos das actividades, coma nas redes sociais e un moi longo etc. En 2019 eran 20 rapaces/as, na actualidade son 40.



“Escoitarnos non é tan difícil”, O novo podcast de Cibercorresponsales

Cibercorresponsables toma a palabra dos temas que lles preocupan e deciden facer seis capítulos dun Podcast. Pode escoitarse en Youtube ou Spotify